

***MANUAL DE APOIO PARA A XESTIÓN DAS
PRÁCTICAS EXTERNAS NAS TITULACIÓNNS DE
GRAOS E MESTRADOS IMPARTIDOS NA EPS***

(aprobado en Xunta de Centro o 18-03-2015)

ÍNDICE

1. Consideracións previas
2. Condicións para a realización de prácticas externas
3. Documentación que cómpre presentar para a realización de prácticas externas
4. Prazos para a realización de prácticas externas
5. Procedemento para o recoñecemento das prácticas externas
6. Anexo. Solicitud de prácticas externas (empresas privadas e institucións públicas)

1. CONSIDERACIÓN PREVIAS

A realización dun período de prácticas externas é unha actividade que permite poñer de manifesto coñecementos previamente adquiridos, complementa a formación, favorece a adquisición de competencias, facilita a inserción laboral e fomenta o emprendemento. Parece axeitado, por tanto, incentivar estas actividades.

A realización de prácticas externas fundamentarase en tres documentos básicos:

- a) O Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas de estudantes universitarios.
- b) O Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade da Coruña.
- c) As memorias dos plans de estudo das titulacións obxecto deste manual, que son as seguintes:
 - Grao en Enxeñaría Mecánica
 - Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
 - Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque
 - Grao en Arquitectura Naval
 - Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica
 - Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial
 - Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica
 - Mestrado Universitario en Fotónica e Aplicacións do Láser

As prácticas poderán realizarse en entidades colaboradoras tales como empresas, institucións, dependencias e servizos da propia Universidade da Coruña que non estiveren destinados á actividade docente ou investigadora e entidades públicas ou privadas do ámbito estatal ou internacional. Existen dúas modalidades para a realización de prácticas externas:

- a) Prácticas externas curriculares, que se configuran como materias dun plan de estudos con carácter obrigatorio ou optativo.
- b) Prácticas externas extracurriculares, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación. A pesar de teren o mesmo obxectivo que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos, malia que de igual xeito serán recollidas no suplemento europeo ao título segundo a normativa.

Os graos e mestrados mencionados anteriormente e impartidos na Escola Politécnica Superior (EPS) teñen no seu plan de estudos unha materia denominada «Prácticas externas» cunha duración máxima de 6 ECTS, para os graos de Enxeñería en Tecnoloxías Industriais e Enxeñería Mecánica, de 4.5 ECTS para o grao en Enxeñería Naval e Oceánica, de 3 ECTS para o caso dos mestrados en Enxeñaría Industrial e en Enxeñaría Naval e Oceánica, de 12 ECTS para o mestrado en Fotónica e Aplicacións do Láser e poderán obterse recoñecemento de ata 4,5 ECTS nos graos de Enxeñería en Propulsión e Servizos do Buque e de Arquitectura Naval.

Asignaráselle 3 ECTS por cada mes a tempo completo para todas as titulacións exceptuando o mestrado en Fotónica e Aplicacións do Láser o cal terá asinadas 400 horas que se realizarán en 1,5 meses a tempo completo ou 3 meses a tempo parcial.

Así mesmo, na EPS existe unha persoa responsable das prácticas en externas que será designada pola Dirección. O labor desta persoa será, entre outros, velar polos intereses do alumnado e dirixir e coordinar o programa de prácticas externas.

2. CONDICIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

- I. Existencia dun convenio específico de colaboración entre a Universidade da Coruña e a empresa ou institución correspondente.
- II. Existencia do anexo ao convenio específico, denominado «proyecto formativo», entre a EPS e a empresa ou institución, sobre a realización das prácticas.
- III. Para a realización de prácticas o alumnado debe cumprir os seguintes requisitos:
 - Estar matriculado na titulación á cal se vincularen as competencias básicas, xenéricas e específicas que adquirirán na súa realización.
 - Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica.
 - No caso dos mestrados citados anteriormente os estudantes deberán estar matriculados no correspondente mestrado.
 - Non superar a duración en horas establecida no Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade da Coruña.
 - Ser alumno/a da Universidade da Coruña na modalidade de matrícula ordinaria.
- IV. Aboamento por parte do alumnado do seguro Hac Luce-Cum Laude ao seguro escolar.
- V. O convenio deberá vir cuberto por triplicado, asinado en cada unha das súas follas e selado polo/a representante legal da empresa ou institución.
- VI. Á súa vez o proxecto formativo tamén deberá vir cuberto por triplicado e asinado polo/a titor/a profesional.

3. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

- Un mínimo de tres exemplares do convenio debidamente cuberto e asinados polo/a reitor/a e polo/a representante legal da empresa.
- Un mínimo de tres exemplares do proxecto formativo debidamente cubertos e asinados polo/a titor/a académico/a (profesor/a da EPS), o/a titor/a profesional (que debe designar a empresa ou institución) e o/a alumno/a.
- Fotocopia do seguro Hac Luce-Cum Laude, unha vez aboadas as correspondentes taxas.

4. PRAZOS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

As prácticas externas poderán realizarse durante o período académico e ou durante o verán.

O alumnado que desexe realizar as prácticas deberá poñerse en contacto co/a responsable das prácticas externas do centro con cando menos un mes e medio de antelación ao inicio das devanditas prácticas.

Nas prácticas realizadas no mes de agosto o alumnado non estará cuberto polo seguro escolar obrigatorio, polo que as coberturas son as do seguro Hac Luce- Cum Laude.

A cualificación destas prácticas realizarase, de concorrer o/a alumno/a, na convocatoria adiantada de decembro ou na primeira ordinaria despois de finalizar as prácticas.

En tódolos casos terán que entregar na secretaría de dirección o Anexo I debidamente cumprimentado.

En función da dispoñibilidade de empresas para realizar as prácticas, o/a responsable das prácticas externas levará a cabo a súa asignación, tendo en conta as seguintes prioridades:

- a. En primeiro lugar asinaránselle as prácticas ós alumnos dos mestrados en Enxeñería Industrial e Enxeñería Naval e Oceánica.
- b. En segundo lugar ós alumnos dos graos nos que apareza a materia de “prácticas externas”, e neste caso terase en conta os créditos que lles quedan para rematar os estudos e, a igualdade de créditos, o expediente académico da titulación completa.
- c. No caso das titulacións nas cales as prácticas non formen parte do plan de estudos o centro non se compromete a conseguir prácticas aínda que se lles facilitará ós alumnos todo o necesario para poder realizalas.
- d. Aquel/a alumno/a que rexeite unha beca quedará excluído/a do proceso
- e. O alumnado que xa fixo prácticas non terá ningún tipo de prioridade con respecto ós/ás que non as fixeron.

O alumnado que conte coa conformidade dunha empresa para realizar as prácticas quedará excluído do proceso de selección, aínda que deben presentar igualmente a súa solicitude con alo menos un mes e medio de antelación antes de empezar as prácticas.

A información das prácticas estará na páxina web da EPS sempre e cando a empresa ou institución envíe unha convocatoria, de non ser así chamarase ós alumnos que teñan entregado a súa solicitude (mediante o anexo I) seguindo o prioridade antes mencionada,

salvo que a empresa ou institución solicite un perfil específico, neste caso será a persoa responsable de prácticas externas a que lles facilitará as persoas adecuadas ás necesidades solicitadas.

Para o recoñecemento das prácticas externas nos graos de Arquitectura naval e Enxeñería en Propulsión e Servizos do Buque o alumnado deberá entregar no prazo de matrícula establecido polo centro unha solicitude en que solicite que se fagan constar ditas prácticas. Esta solicitude, xunto co informe do/a titor/a académico/a no caso de este ser favorable, servirá para que as prácticas externas se incorporen ao expediente académico.

5. PROCEDIMIENTO PARA O RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

a) As prácticas quedarán autorizadas antes do seu inicio pola persoa responsable das prácticas en externas da EPS, unha vez todas as partes asinaren tanto o convenio como o proxecto formativo.

b) As prácticas deberán ser titorizadas polo/a titor/a académico/a designado/a para tal fin pola EPS, cuxo nome e sinatura se recollerán no proxecto formativo.

c) O número de créditos susceptibles de recoñecer estará en función do número de créditos de que conste a materia (prácticas externas/prácticas en empresa).

d) A equivalencia horas-créditos será de 3 ECTS por cada mes a tempo completo.

e) Unha vez finalizadas as prácticas, e dentro do mes seguinte á súa finalización, o alumnado deberá entregar a memoria final do estudante ao/á titor/a académico/a seguindo as pautas que se detallaren no convenio. Como axuda para a súa redacción pode cubrirese o documento que figura na seguinte ligazón:

<http://www.udc.es/practicaseexternas/formularios.html>

f) Á súa vez a empresa deberá entregar no prazo dun mes, despois da finalización das prácticas, un informe ao/á titor/a académico/a (informe do titor profesional) que conteña os puntos que se reflicten no convenio e que poderá realizar co documento a que se accede a través da seguinte ligazón:

<http://www.udc.es/practicaseexternas/formularios.html>

g) Cando o/a titor/a académico/a reciba ambos os dous informes, procederá á realización do seu propio informe (informe do titor académico) a partir da información contida nos anteriores. Debe facerllo chegar á persoa responsable das prácticas en externas, que unha vez revisado, pola súa vez, fará entrega del na Administración do centro, para a súa incorporación ó expediente.

h) A memoria ou documentación presentada polo alumnado deberá ser entregada para a súa revisión e cualificación ao/á correspondente titor/a académico/a, quen estenderá, se iso for procedente, a cualificación segundo a normativa de cualificacións da Universidade da Coruña. No caso de atopar deficiencias de forma e/ou contido, deberá instar o/a alumno/a para que realice os correspondentes axustes e melloras co obxecto de poder emitir o informe final.

6. ANEXO I. SOLICITUDE DE PRÁCTICAS EXTERNAS (EMPRESAS PRIVADAS E INSTITUCIÓN PÚBLICAS)

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE PRÁCTICAS

APELIDOS:
NOME:
TITULACIÓN:

CURSO: N.º DE CRÉDITOS SUPERADOS:

CORREO ELECTRÓNICO:
TELÉFONO:
ENDEREZO POSTAL:
.....
INDICA SE REALIZACHES PRÁCTICAS EN ANOS ANTERIORES E EN QUE INSTITUCIÓN OU EMPRESA:
<input type="checkbox"/> SI. Institución ou empresa:
<input type="checkbox"/> NON
DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN:
<input type="checkbox"/> Formulario da solicitude de prácticas cuberto
Ferrol, de de 20.....
Asinado: